

# LINGUA E ADMINISTRACION

As "Xornadas de Lingua e Administración", as primeiras celebradas en Galicia deste tipo, foron organizadas conxuntamente pola "Asociación de funcionarios para a normalización lingüística en Galicia" e mailo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago.

A citada Asociación de funcionarios vén funcionando como tal en Galicia dende primeiros do presente ano e naceu como iniciativa de funcionarios tanto de institucións autonómicas como locais, diante do baleiro que en Galicia existe no campo da normalización lingüística no terreo da administración e da falta de toma en consideración do problema por parte das Institucións Públicas, mesmo despois de que leve en vigor case un ano a Lei de Normalización Lingüística e de que no seo da Consellería de Educación e Cultura se crease a Dirección Xeral de Política Lingüística.

Un dato máis que reafirma o anterior é que tampouco nestas Xornadas houbo ningún tipo de participación, nin sequera económica, por parte da Xunta de Galicia. Tampouco, salvo contadas excepcións, houbo asistencia de funcionarios das distintas Consellerías. Os funcionarios asistentes -nun número aproximado de 85-, proviñan principalmente de Concellos e doutras Institucións, como o Parlamento de Galicia ou o Rectorado da Universidade.

Deron comenzo as Xornadas o día 14, xoves, con dúas ponencias, unha da Doutora Luciana Calvo Ramos, funcionaria do Ministerio de Educación, e outra do Sr. Strubell i Trueta, Xefe do Servicio de Normalización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya.

Luciana Calvo, a partir dun estudio dunha obra de Jovellanos, "Memoria sobre el arreglo de la policía de espectáculos y diversiones públicas", fixo un detallado exame da linguaxe administrativa do XVIII, para, na segunda parte e no Coloquio posterior, centrarse na necesidade manifesta para a linguaxe administrativa castelá actual de se modernizar e actualizar, pois, dalgún xeito, segue a manter estruturas propias do castelán do XVIII, o que tende a crear unha barreira entre o administrado e o funcionario.

Miquel Strubell fixo na súa ponencia unha exposición polo miúdo sobre a campaña que pola normalización lingüística está a desenvolver-la Generalitat de Catalunya

Segue na páx. 2

**Edita: Asociación de funcionarios para a normalización lingüística en Galicia**

Dep. Leg. C-223/84

## SUMARIO

**I XORNADAS DE LINGUA E ADMINISTRACIÓN (páx. 1)**

### O MARCO LEGAL:

- \* A oficialidade do galego: historia e actualidade (III), por X. Henrique Monteagudo (páx. 3).
- \* Evolución da normativa e marco xurídico actual (III), por Xesús Costas Abreu (páx. 5).

### MODELOS DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

- \* A documentación das reunións: convocatorias e actas, por Xesús Costas Abreu (páx. 6).

### AS DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS

- \* O Parlamento (I), por X. Ferreira Rico, Xosé Torres Romar e Carlos Díaz Abreira (páx. 8).

### TERMINOLOXÍA

- \* As unidades de tempo, por Xosé Torres Romar (páx. 10).

### CUESTIÓNS DE GRAMÁTICA

- \* O xerundio de posterioridade, por Rosa Folgueira
- \* Vocabulario: segredo/secretario; creto/crédito; perante/durante, por Xosé M. Lema Suárez (páx. 11).

### NOVAS:

- \* Unha sentenza da xurisdicción laboral sobre o uso do galego no traballo, por "Sara Thisdall" (páx. 12).

### CONSELLO DE REDACCION:

- Xesús Costas Abreu
- Carlos D. Abreira
- Eduardo H. Fernández Díaz
- Xermán García Cancela
- Antón García Garazo
- Xosé González Martínez
- Frañcisco X. Pintor Vázquez
- Inés Ruibal Cendón
- Xosé Torres Romar

dende organismos que actúan interrelacionados:

Dirección Xeral de Política Lingüística,  
Escola de Administración Pública, etc.

Insistiu, ademais, en algo que posteriormente desenvolvería con precisión o Sr.

Puig Salellas: o necesario coñecemento da normativa legal que enmarca o proceso de recuperación e normalización das linguas nacionais distintas do castelán, para unha aplicación en profundidade do principio de oficialidade (como fenómeno indivisible e autónomo).

Cunha ponencia presentada fóra do programa previsto, o profesor de pedagogía da Universidade de Santiago

Xosé Rubal, deu conta dun traballo que está a realizar no que, tomando como base a publicidade nos xornais dos distintos órganos da Xunta e dos Concellos, estudia o grado de emprego do castelán ou do galego.

Un dato concluínte: máis do 80% da publicidade está realizada en castelán.

A partir destes datos, o profesor Rubal intenta sacar como conclusión cales son os parámetros da normalización dende a iniciativa das Institucións Públicas.

Nas ponencias do día 15, venres, o notario Josep María Puig Salellas fixo unha análise

esclarecedora sobre a situación xurídico-legal do proceso de normalización lingüística, dando explicación a conceptos utilizados ás veces erroneamente ou terxiversados, como é o mesmo caso de "estado", que, segundo conveniencias, inclúe toda a organización autonómica

ou se restrinxe ó concepto de "administración central máis órganos periféricos da mesma". Insistiu tamén o Sr. Puig Salellas no feito de que diante das obrigas e dereitos verbo da utilización dunha lingua, son os dereitos dos cidadáns os que deben primar sempre sobre os do funcionario. Por outra parte, o ponente situou o concepto e o ámbito da "normalización lingüística" entre a oficialidade legal, recoñecida pola lei, e a oficialidade real como aplicación da anterior.

O Profesor Carles Duarte i Monserrat, xefe da sección de catalán da Escola de Administración Pública de Catalunya, disertou sobre a creación dunha linguaxe administrativa catalana centrando a súa exposición na necesidade de rompe-los moldes impostos polo castelán e nos medios que hai que pór para conseguilo: recurso ós usos e recomendacións internacionais sobre esta cuestión e recurso tamén á tradición administrativa en catalán, aínda que esta sexa relativamente exigua. Como finalidade que hai que perseguir está a de crear unha linguaxe administrativa moderna e clara que se converta en canle de comunicación

adequada entre a administración e o administrado.

Nas sesión da tarde, en primeiro lugar, o Sr.

Eneko Oregui, xefe do servizo de euskaldunización do Instituto Vasco de Administración Pública, fixo unha exposición das dificultades e das posibilidades, así como dos medios postos en práctica por parte das Institucións oficiais, para a introducción progresiva do euskera na Administración do País Vasco.

Pouca luz sobre o tema da aplicación da lei de normalización lingüística en Galicia botaron os representantes dos tres grupos parlamentarios (Alianza Popular, Coalición Galega e Bloque Nacionalista Galego) que asistiron á mesa convocada sobre este tema.

Non asistiron á mesma os representantes dos grupos Centristas de Galicia, Socialistas de Galicia, Esquerda Galega e Partido Comunista (estes dous últimos, xunto co BNG, integrados no Grupo Mixto).

Á parte do significativo que é esta ausencia, tamén o é que os alí presentes a penas deixaron claro cales son as medidas concretas que dende os seus grupos políticos

están desenvolvendo para a aplicación da Lei.

No último día das Xornadas, o Presidente da Audiencia Territorial de Catalunya,

Don Cesáreo Rodríguez Aguilera, despois de constatar que a Administración de Xusticia é das menos abertas, polo momento, á introducción das linguas nacionais, sinalou como existe o dereito dos cidadáns a expresarse e a actuar na lingua da súa preferencia, sempre que as actuacións xurídicas teñan lugar dentro do territorio da Nacionalidade con lingua propia. Destacou ó mesmo tempo que é a Administración a que, en caso de que así se esixa, debe ocuparse de posibles labores de traducción e nunca o administrado.

Como acto final das Xornadas, antes da clausura, tivo lugar unha mesa redonda sobre a situación do galego na que participaron especialistas en socioloxía da linguaxe e sociolingüística así como persoas vinculadas a distintas administracións públicas (local, sanitaria e xusticia).

No acto de clausura estiveron presentes o Sr. Presidente do Parlamento de Galicia, o Sr. Alcalde de Santiago e mailo Subdirector do Instituto da Lingua Galega.

Nin o Presidente da Xunta de Galicia nin a Directora Xeral de Política Lingüística asistiron ó acto de clausura, a pesar da invitación que lles cursaron os organizadores.

No acto final a "Asociación de funcionarios para a normalización lingüística" deu a coñecer un comunicado a tódolos asistentes así como ós medios de comunicación no que textualmente se inclúen, entre outros, os seguintes puntos:

"Durante os debates e os coloquios quedou de manifesto o desfase existente entre a normativa

vixente e a marcha cotiá do proceso de normalización. Salientouse así mesmo a falta de desenvolvemento normativo da Lei de normalización lingüística e a inexistencia da Comisión prevista pola Lei. Así mesmo a carencia dunha decisión política ou normativa que prevexa e planifique a implantación de cursos de galego para tódolos funcionarios públicos que traballan en Galicia en horario de traballo, ofrecendo a todos esta posibilidade”.

“A Asociación denuncia as actitudes de incompreensión, as inercias atentatorias e a provocación de tensións innecesarias por parte das autoridades da administración central e periférica do Estado, recorrendo as poucas normas e acordos que introducen elementos progresistas no proceso de normalización”.

“A Asociación esixe a creación inmediata dunha Comisión interdisciplinaria de modernización da linguaxe administrativa e xurídica na que se dean solucións técnicas correctas con rango de valor xeral e oficial para a creación dunha linguaxe xurídico-administrativa galega, así como a creación da Escola de Administración Pública de Galicia para a formación e reciclaxe de funcionarios galegos e a elevación do nivel técnico da función pública galega”.

“A Asociación non esquece a necesidade de que pola

Xunta se leve a efecto de seguido a publicación oficial da forma galega de tódolos topónimos, cumprindo así unha obriga legal”. Finalmente, despois de lles agradecer ós alcaldes e responsables das distintas administracións o que permiten a presenza dos seus funcionarios nas xornadas e de lamentala ausencia xeneralizada (só asistiron funcionarios da Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia) de funcionarios da Xunta de Galicia, a Asociación remata cunha invitación ás autoridades autonómicas nos seguintes termos:

“Entendemos que a normalización lingüística é cousa de tódolos galegos e principalmente, por mandato legal, das autoridades galegas. Por iso esperámo-lo apoio da Xunta e dos seus organismos do mesmo xeito que lle ofrecémo-la nosa colaboración para o éxito do proceso de normalización para acadarmos así os teitos do País Vasco e de Catalunya, onde os seus Gobernos autónomos dirixen decididamente este proceso”.

A Asociación anuncia a celebración en breve prazo dunhas segundas xornadas de carácter similar, así como a publicación das Ponencias destas primeiras Xornadas e dunha “Revista de Administración Galega”.

## o marco legal

### A OFICIALIDADE DO GALEGO: HISTORIA E ACTUALIDADE (III) SITUACIÓN ACTUAL E PERSPECTIVAS DE FUTURO

O artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia di:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecerlos e usalos.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitalo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua”.

Coido que neste artigo do Estatuto se debuxa un cadro da situación lingüística

#### X. Enrique Monteagudo

‘ideal’ para Galicia, ou sexa, prevese un determinado modelo lingüístico para Galicia. Se na Constitución se dá un modelo de oficialidade territorial/individual, o máis desvantaxoso para as linguas minorizadas do Estado, no Estatuto preténdese aplicar ese modelo do xeito máis favorable posible para o galego. Vexamos:

— No modelo de **oficialidade territorial** para os Estados multilingües, cada lingua é a oficial no seu respectivo territorio, podendo as outras linguas de Estado ser cooficiais nese mesmo territorio ou non

(no caso da Suíza, os cantóns franceses teñen como lingua oficial o francés, e cooficiais o alemán e mailo italiano, nos cantóns italianos o oficial é o italiano, e son cooficiais o francés e mailo alemán,...). É o modelo máis favorable para as linguas minorizadas, en caso de que estas teñan unha base territorial sólida, como é o caso do Estado Español.

— O modelo de **oficialidade individual** recoñece como oficiais as varias linguas do Estado en todo el, recoñecendo a tódolos cidadáns a dereito a usar calquera delas en calquera lugar do Estado.

Na Constitución, o castelán goza dun estatus oficial de tipo individual, pois po-

de ser empregado en calquera parte do Estado, mentres que o galego, o catalán e o euskera están limitados á oficialidade de tipo territorial, restrinxida polo distinto rango oficial do castelán.

Da lectura do devandito artigo do Estatuto tirase a conclusión de que se procura unha aplicación favorable ó galego do modelo lingüístico que impón a Constitución:

— No artigo 1, o galego aparece destacado como **lingua primaria** en Galicia, se ben isto aparece matizado no artigo 2, que unicamente dispón o **dereito** a coñecer e usa-lo galego. A equiparación co castelán é só ilusoria, pois na Constitución establécese o **deber** de tódolos españois de coñecer-lo castelán. De fei-

Deseño: Víctor Ferreira  
Impreme: Velograf, S.A.

to, esta desigualdade tentou corríxirse coa *Lei de Normalización Lingüística*, que no seu artigo 1 proclama: "O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen **deber** de coñecelo e o dereito de usalo".

Desgraciadamente, este artigo da Lei de Normalización, que significa realmente un avance considerable, foi recorrido polo Goberno Central perante o Tribunal Constitucional, pois a Madrid seméllalle excesivo que se esixa o *coñecemento* do galego a tódolos cidadáns galegos. O certo é que este é o único texto legal que equipara as oficialidades do galego e do castelán.

— O artigo 2 conleva o recoñecemento da **plena oficialidade** do galego. O galego é lingua oficial **por si só**, feito máis amplamente recollido na *Lei de Normalización*: "6.2.- As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos **calquera que sexa a lingua oficial** empregada".

"7.2.- As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos **calquera que sexa a lingua oficial** empregada".

"8.- Os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán".

Polo tanto, non é obrigada a tradución de ningún documento legal, que pode aparecer redactado unicamente en galego.

— O apartado 3 especifica as **áreas de actuación** dos organismos de autogoberno galego para conseguirla normalización da lingua:

\* a **vida pública**, entendendo por ela as actividades dos organismos oficiais. Desde o punto de vis-

ta da Administración, dispónse na *Lei de Normalización*: "4.1 O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma". Nesta mesma lei, desde o punto de vista do cidadán: "6.1 Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma", "7.1.- No ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das linguas oficiais na relacións coa Administración de Xusticia".

\* a **vida cultural e informativa** non son materia específica do noso artigo, pero hai que sinalar que na Lei de Normalización se contempla, entre outras cousas: "18.- O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma".

¿Cal é a realidade coa que se enfrenta esta lexislación? Por unha banda, podemos analiza-la cuestión enfocándoa na *situación social* da lingua galega, e por outra banda, no grado de cumprimento real da lexislación, ou sexa, centrándonos na **implantación oficial** do galego. Vexamos moi brevemente o primeiro aspecto, deixando o segundo para o próximo artigo.

Na anterior entrega deste artigo comentaba a gravidade das consecuencias que tiveron sobre o galego os procesos históricos de expansión do castelán en dirección **horizontal e se-**

**lectiva** primeiro e **descendente e espontánea** máis tarde, e sobre todo, o máis recente, a súa **imposición coercitiva**. Non fai falta que insistamos nos resultados catastróficos para o galego dunha política esmagadora, no momento en que a escola, os medios de comunicación de masas orais (radio), audiovisuais (televisión) e escritos (prensa periódica) e a rede viaria se implantan efectivamente en Galicia. Por primeira vez na súa historia, amplas masas de poboación galega teñen acceso á escolarización, alfabetízanse, entran en contacto cos *mass-media*, e todo isto nun ambiente no que era habitual escoitar "No sea usted bárbaro, hable la lengua del Imperio", no que o emprego do galego na escola podía acarrexar un castigo para o "infractor",... Tamén nesta etapa se intensifican os procesos de urbanización (que favorece ó castelán como lingua da cidade) e especialmente a emigración (só emigran falantes do galego, que non teñen posibilidades de transmitirles esta lingua ós seus fillos).

Non se teñen datos exactos do número de falantes do galego, nin estudos fiables acerca da súa distribución xeográfica e social, nin sequera están suficientemente aclarados os mecanismos de variación lingüística que conducen a empregarlo galego en certos contextos e reservalo castelán para outros, dependendo do interlocutor e do tema de que se fale. O que si se pode afirmar con certeza é que non abonda a definición de "bilingüismo" para dar conta da situación do galego e o castelán. Como aproximación, pódese afirmar que as tres cuartas partes da nosa poboación teñen como lingua habi-

tual falada o galego, unha parte deles é capaz de lelo e faino con certa frecuencia, unha pequena porción sabe escribilo e escribeo adoito, a maioría dos falantes sitúanse no medio non urbano, entre as capas sociais inferiores da poboación, incluíndo os habitantes da periferia das cidades; o emprego do galego diminúe coa idade, e, en xeral, existe unha xerarquía no emprego das dúas linguas que obriga ó galego-falante a utilizalo castelán en múltiples ocasións, mentres que raramente os falantes do castelán se ven obrigados a empregarlo galego. Na mente do pobo, o galego está asociado coa velez, cos tempos pasados, coa miseria da vida rural, coa incultura do campesiño, mentres que o castelán se asocia o progreso, o futuro, a cultura e o nivel de vida do habitante acomodado das cidades.

Sobre esta realidade ten que actua-lo Estado, de maneira que se destrúan os prexuízos que danan ó galego, e as condicións ambientais que dificultan a súa aprendizaxe para a escrita e para os niveis elevados de fala, e que se removan os obstáculos que impiden o seu emprego habitual en tódolos niveis da vida social, cultural e oficial. ¿Cal é o exemplo que nos ofrecen os organismos do Estado, autónomos ou non, de cara a atinxir este obxectivo?

Subscríbete a  
**LINGUA E ADMINISTRACION**

## EVOLUCIÓN DA NORMATIVA E MARCO XURIDICO ACTUAL (III)

Antes de entrarmos na terceira das etapas que apuntamos na primeira das partes deste traballo cómpre facer referencia a unha norma moi concreta pero especialmente relevante porque é interna dunha Administración Pública; trátase dunha orde do Gobernador Civil de Barcelona do 28 de xullo de 1940 que ordenaba a destitución ipso facto e sen ulterior recurso dos funcionarios que dentro ou fóra dos edificios oficiais se expresen noutro idioma que non sexa o oficial do Estado.

3.- Da terceira fase son exemplos o R.D. 1.111/79 que regula o emprego das propias linguas nas actuacións das Corporacións Locais e mailo D. 1981/79 sobre incorporación da lingua galega ó sistema de ensino (o célebre "decreto de bilingüismo", logo desenvolvido pola Orde Ministerial do 7 de agosto de 1979). O máis destacable destas dúas normas é que supuxeron en Galicia especialmente, máis ca unha fase de preparación de medios, de "prenormalización", a verificación dunha ameaza anunciada: de cómo se pode facer unha lectura restrictiva e retrógrada do art. 3.2 da Constitución que, vencellado á tradición ou ás inercias do "franquismo lingüístico", deixe en papel mollado os aspectos transformadores e forneza un aparello represor "renovado" do galego, porque estas normas garantizan demasiado pouco ou nada e limitan demasiado.

O R.D. 1.111/79 foi adoptado "para permiti-la utilización das distintas linguas españolas nas actuacións das Corporacións Locais ata tanto se faga uso da autorización contida no párrafo 2 do artigo 3 da Constitución". Ben, a Constitución non contén unha "autorización" senón un "mandato" e por enésima vez cómpre lembrar que o párrafo aludido do artigo citado di que "as demais linguas españolas **serán** tamén oficiais..." e non que o poidan ser, pero é que ademais o R.D. 1.111/79 foi utilizado aínda despois da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia, que é a norma á que explicitamente se remite o art. 3.2 da Constitución, e o momento no que habería que entender derogado este infausto Decreto (ver como proba as sentencias comentadas nos n.ºs 1 e 2 de L. e A. e os libros de actas dos Concellos de Santiago, Vigo...).

Obriga a redactar exclusivamente en castelán determinados actos (art. 2): tódalos relacionados coa Administración do Estado (incluíndo a periférica) e coa Administración xudicial, desvirtuando o principio de territorialidade do carácter oficial da lingua que se deriva do art. 3.2 da Constitución: "serán tamén oficiais **nas respectivas Comunidades Autónomas**".

Obriga a redactar necesariamente en castelán absolutamente tódolos documentos relevantes das corporacións, podendo (art. 3) acompañalos de tradución na outra lingua, co que non hai máis ca un idioma oficial que ten validez por si mesmo (o castelán, claro), o outro necesita ir acompañado de tradución en castelán.

En fin, hai dúas paradoxas máis: con carácter xeral non se podían dirixir escritos dos cidadáns ás Corporacións Locais máis ca en castelán (art. 3.2), agás se a Corporación adoptase acordo de utiliza-lo sistema do dobre texto; todo concellal ou deputado provincial que utilizase o galego estaba "obrigado" (art. 5) "a petición de calquera membro da Corporación ou do Secretario" a resumir en castelán a súa intervención.

2. O Decreto 1981/79 plantexábase cubri-la transitoriedade ata a promulgación do Estatuto e actuar "cunha ampla marxe de flexibilidade".

Ten algún precepto que non se sabe se é un alarde de renovación pedagóxica ou unha mostra de cinismo insuperable, como cando di que na programación do ensino da nosa lingua en Pre-escolar, EXB e FP1 se teran en conta as condicións sociais e lingüísticas, as distintas situacións pedagóxicas e "en tódolos casos as circunstancias persoais dos alumnos".

O máximo logro que del se deriva na práctica é a incorporación da lingua galega "ós plans de estudio", o resto é todo un segundo: segundo as condicións e situacións, segundo os medios, segundo as opcións dos pais, segundo as dotacións disponibles (coma se estas estivesen nas mans dos autores do Decreto).

Polo demais a expresión formalmente igualitaria e mesmo progresista do aptdo. 1 do art. 3 non ten desenvolvemento posterior, tódalas decisións quedaban en mans dunha Comisión mixta na que o Ministerio de Educación tiña poder de veto (un 50% dos membros), e é radicalmente negada polos requisitos previstos no art. 8 da Orde Ministerial que desenvolve este Decreto, no artigo 2 outra Orde vólvese incluí-la cláusula do art. 2 do D. 1.433/75 (o tirón do pasado outra vez).

En definitiva, estas dúas normas na práctica **viñan** permitir unhas tres horas semanais "aproximadas" de ensino "da" lingua galega, o mesmo có "idioma moderno", tecnoloxía e educación artística e menos **cás demais** áreas (incluída por suposto o castelán). Se nin iso se **cumpliu**, a culpa non foi do Decreto, iso é certo.

---

Xesús Costas Abreu

---

LINGUA E ADMINISTRACIÓN

Apartado de correos 114

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ou ben:

Instituto da Lingua Galega

Facultade de Filoloxía

Praza de Mazarelos

Santiago

## A DOCUMENTACIÓN DAS REUNIÓNS: CONVOCATORIAS E ACTAS

A actuación dos órganos colexiados das Administracións, para estudar, debater, e logo adoptar acordos ou ben emitir dictames ou informes, prodúcese mediante reunións ou sesións de traballo; o réxime xeral de funcionamento dos órganos colexiados (Plenos, Permanentes, Comisións de todo tipo, Consellos de Goberno e de Administración...) vén regulado nos artigos 9 ó 15 da Lei de Procedemento Administrativo (L.P.A.), que rexe con carácter supletorio para tódalas Administracións públicas.

Toda reunión (que pode ser ordinaria-periódica e extraordinaria ou urxente) vén constar de tres fases:

1) A preparación dos expedientes que se vaian tratar e a convocatoria ós membros con expresión da Axenda ou Orde do Día.

2) A celebración da reunión dende a apertura ata o levantamento da sesión coas seguintes exposicións, debates e votacións.

3) A formalización dos acordos ou dictames adoptados e aínda hai que se referir á posterior tramitación ou execución dos mesmos.

Dos membros dos órganos pluripersonais, son o Presidente e o Secretario os responsables da preparación e formalización dos asuntos e hai que salienta-la existencia de dous modelos de documentos específicos nos que se plasman as reunións: as CONVOCATORIAS e as ACTAS.

Unha convocatoria (que ten que ser gemitida a tódolos membros do órgano cunha antelación mínima de 48 horas segundo o art.º 10.1 da L.P.A., agás en caso de urxencia) ten que sinala-lo día, hora e lugar da reunión e ir acompañada da Orde do Día, que é a relación de asuntos que se van tratar (en principio non se pode resolver sobre asuntos non incluídos nela salvo se se declaran de urxencia).

Unha acta ten que conter:

— a relación dos asistentes e circunstancias de celebración: lugar, día e horas de comenzo e remate.

— un resumo das deliberacións e o texto de cada un dos acordos ou dictames adoptados (ou ben a mención de que non se resolven por quedaren pendentes de novos datos, ulterior estudio, estimarse non se-lo asunto de competencia do órgano...) con expresión dos votos habidos en cada sentido: número e persoas.

Normalmente o primeiro punto da Orde do Día de cada reunión é a aprobación da acta da sesión anterior e logo de rematados os asuntos incluídos na mesma (se non hai asuntos de urxencia) prevese un turno de preguntas ou iniciativas dos membros.

A constancia do nome e número de votantes en cada caso é fundamental porque hai asuntos que requiren dun quorum de votación favorable determinado (son casos excepcionais fronte á regra da maioría simple, pero trátase dos temas máis importantes) e porque ademais os votos en contra eximen da responsabilidade que poida derivarse do acordo adoptado. Non menos transcendencia ten a concreta formulación textual do acordo ou dictame recaído, sobre todo cando se trate dun caso atípico no que se establezan condicións ou se precisen matices, e é obrigado recolle-las propostas al-

ternativas ou votos reservados así como aquilo que todo membro exprese que quere que conste en acta.

Polo demais, na Administración, onde se adoita dicir que o que non está nos papeis non está no mundo, é doado deducir que "acordo que non consta en acta, non existe"; é máis, o artº 305.2 da L.R.L. di que non son válidos os acordos que non consten nos libros de actas.

Nas Corporacións Locais hai que ter en conta o previsto nos artigos 292 e seguintes da Lei de Réxime Local sobre funcionamento dos Plenos e Permanentes ou Comisións de Goberno, que son desenvolvidos no R.O.F. (artº 187 e seguintes: Pleno; 212 e seguintes: Permanentes...)

En fin, sobre as actas, cómpre salientar unha norma da C.A. galega: o Decreto 101/83 do 14 de xullo (D.O.G. do 23), que lles permitiu ás Corporacións Locais (e a moitos funcionarios reducidos á condición da manu-escribas) supera-lo sistema de transcripción manual das actas nos libros.

*Xesús Costas Abreu*

## MODELO DE OFICIO DE CONVOCATORIA

(INSTITUCIÓN)  
(ÓRGANO)

Data de reunión .....  
Lugar .....  
Hora de comenzo .....

D/a ..... (DESTINATARIO)

Por orde do/a PRESIDENTE/A (ou ben: en cumprimento do establecido pola Comisión ....., do acordado na última reunión), convócoo/a á próxima sesión que se vai celebrar na data, lugar e hora indicados e coa seguinte Orde do Día:

1.º APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2.º SOLICITUDE DE D/a .....

3.º PROPOSTA DA XEFATURA DE .....

...

N.º PREGUNTAS

Os expedientes están ó seu dispor nesta Secretaría.

A Pobra do Caramiñal, ..... de ..... de 1985

O/A SECRETARIO/A

## MODELO DE ACTA DUNHA REUNIÓN

Acta n.º ..... do/a (órgano) .....

Reunión celebrada o día ..... na Sala de .....  
entre as ..... e as ..... horas

Coa asistencia do/a Presidente/a D/a .....

dos vocais D/a .....

actuando como Secretario/a D/a .....

1.º Apróbase a acta da sesión anterior .....

2.º Exposta a proposta da Presidencia sobre .....  
ábrese a deliberación coa intervención de D/a ....., que se opón por  
coidar que .....

O/A Presidente/a considera que está o asunto suficientemente debatido e sométeo a votación co seguinte resultado: ..  
..... votos a favor, ..... en contra e ..... abstencións.

Xa que logo, queda aprobado o seguinte acordo/dictame: .....

O/A Sr./a ..... formula o seguinte voto reservado para a súa defensa  
no Pleno: “ .....”

3.º Vista a solicitude da Asociación ..... sobre .....  
e de conformidade cos informes incluídos no expediente, a Comisión, por unanimidade, aproba a proposta formula-  
da polo Xefe do Negociado de .....

4.º O/A Sr/a ..... preguntalle ó Presidente por que aínda non  
se executou o acordo adoptado sobre ..... e contéstalle este que está  
pendente de se recibir .....

Vilalba, ..... de ..... de 1985


O/A SECRETARIO/A

Vº Pr.

O/A PRESIDENTE/A

LINGUA E ADMINISTRACION

# as dependencias administrativas



O PARLAMENTO (I)

Se no anterior número de L.A. falamos do noso órgano executivo por excelencia, da Xunta, hoxe correspóndelle o lugar ó lexislativo, ó Parlamento de Galicia. As súas diversas funcións, que veñen determinadas polo Estatuto de Autonomía de Galicia, resumímolas "grosso modo" aquí: exerce-la potestade lexislativa da Comunidade Autónoma; controla-la acción executiva da Xunta e aproba-los presupostos; designa-los Senadores representantes da Comunidade nas Cortes Xerais; elixi-lo Presidente da Xunta; esixir responsabilidade política a este e á propia Xunta; solicitar do Goberno a adopción de Proxectos de Lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados Proposicións de Lei; interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional en certos supostos.

Deixaremos para un número posterior a visión da súa organización e composición no que toca ó proceso corporativo e lexislativo, deténdonos neste caso na estrutura orgánica e funcional da súa administración, desde o punto de vista dos seus servizos. E, dun xeito coma sempre sucinto, presentamos este posible organigrama, cun mínimo detalle dos principais cometidos de cada unidade e sección:

X. Ferreira Rico  
Xosé Torres Romar  
Carlos Díaz Abraira



## AS UNIDADES DE TEMPO

O léxico referido ás unidades de tempo aparece decote na nosa tarefa administrativa baixo diversas formas. Polo tanto é preciso recorda-la súa unificación normativa para unha mellor claridade e sinxela da nosa función.

Os termos máis elementais relativos á división do tempo son: ÉPOCA, IDADE (contemporánea/28 anos), ERA, MILENARIO, SÉCULO, CENTENARIO, CINCUENTENARIO,... DÉCADA, QUINQUENIO, CUATRIENIO, TRIENIO, BIENIO, ANO (o ano 1984 é bisexto), ANIVERSARIO, ANUALIDADE, SEMESTRE, TRIMESTRE, MES, MENSUALIDADE, QUINCENA, SEMANA (a fin de semana), DÍA, DATA, etc. Tampouco debemos esquecer as unidades mínimas do tempo cronométrico: HORA, MINUTO, SEGUNDO. Amais das formacións nominais anotadas, podemos destacar algunhas adxectivas e/ou substantivas: secular, bienal, semestral, diario, horario, etc.

Ó pe desta enumeración xeral, por seren máis usadas no noso labor cara ó administrado, cómpre sinala-las divisións anuais do calendario, é dicir, os nomes das estacións, dos meses e dos días da semana.

### AS ESTACIÓNS:

A denominación das estacións en galego é PRIMAVERA, VERÁN, OUTONO, INVERNO. Agás a forma inverno, as outras tres ofrecen en galego pequenas variantes:

— PRIMAVERA — \*primaveira, \*primadeira: hipergaleguismo, é dicir, intento, etimoloxicamente incorrecto, de galeguización cunha finalidade diferenciadora do castelán. É o mesmo caso de cera, pera, sincero, calquera,..., e non \*ceira, \*peira, \*sincero, \*calqueira,...

VERÁN — \*vran, \*vrao: formas dialectais foneticamente correctas pero que non se adecúan ó esquema normativo: masc.: án(s), fem.: -á(s) (m. verán, f. mañá, m. cidadán /f. cidadá), unanimente aceptado na lingua escrita.

OUTONO - \*autono (conservación do ditongo primitivo au-), \*otono (monotongación do ditongo ou-), \*otoño (híbrido da forma galega

outono e da castelá otoño). Ademais a verba outono tamén ten un cuño mensual, no canto do mes de outubro.

### OS MESES:

En galego os nomes dos meses teñen dúas denominacións de orixe en calendarios de culturas distintas: a pagá ou romana e a cristiá.

Hoxe en día a nomenclatura máis usual é a pagá, ou sexa: (I) XANEIRO -xan.-, (II) FEBREIRO -feb.-, (III) MARZO -mar.-, (IV) ABRIL -abr.-, (V) MAIO -maio- (VI) XUÑO -xuñ.-, (VII) XULLO -xul.-, (VIII) AGOSTO -ago.-, (IX) SETEMBRO -set.-, (X) OUTUBRO -out.-, (XI) NOVEMBRO -nov.-, (XII) DECEMBRO -dec.-<sup>(1)</sup>

Algúns destes nomes sofren derivacións, xeralmente incorrectas, na súa expresión oral e escrita: marzo -\* marzal (adxectivo e non sustantivo); xuño — \*xunio; xullo — \*xulio, \*xuiro (formas refugadas etimoloxicamente e con interferencias do castelán).

O calendario cristián resulta do intento da Igrexa, de cristianizalo romano. As substitucións máis correntes son: febreiro, mes da Candalaria; xuño, de San Xoán; xullo de Santa Mariña e/ou Santiago; setembro, de San Miguel; outubro, de San Lucas; novembro, mes de Santos, das Almas ou das Ánimas, ou de San Martiño; decembro, do Nadal.

A pesar do diferencialismo existente co castelán, cóidase máis oportuno na nosa función o emprego da nomenclatura máis universal e vixente.

### OS DÍAS DA SEMANA:

Nas linguas románicas, os nomes dos días da semana, malia a sacala Igrexa un sistema diferente, fundámanse no sistema pagán latino. Con todo, ese sistema enumerativo cristián, seguido da palabra FEIRA, co significado de 'festa', 'día de oración', mantívose na lingua portuguesa e, en parte, para a galega. A explicación do sostemento deste contar por feiras no Occidente da Península explicase pola constante loita que mantivo a arquidío-

cese de Braga, á que pertencía Galicia, en contra da denominación pagá. Aínda así, no galego e no portugués, para os días importantes desde o punto de vista relixioso, impuxéronse o sábado (festa hebrea) e o domingo (dies dominicus), verdadeira "feira" do Señor.

Entón, na situación presente da nosa lingua témo-la coexistencia de dous sistemas propios para a nomenclatura dos días da semana:

A) O pagán: LUNS -l.-, MARTES -ma.-, MÉRCORES -me.-, XOVES -x.-, VENRES -v.-, SÁBADO -s.-, DOMINGO -d.-. Algúns destes termos presentan variantes fonéticas propias da nosa lingua: \*lus, \*mércoles, \*vernes. Outros, variantes híbridas castelán-galego, tipo \*xueves, ou castellanismos que se deben desbotar definitivamente do idioma galego.

B) O cristián: DOMINGO, SEGUNDA FEIRA, TERCEIRA FEIRA <sup>(2)</sup> CORTA-FEIRA, QUINTA-FEIRA, SEXTA FEIRA <sup>(3)</sup>, SÁBADO. Observamos que o segundo e terceiro días deste sistema entrecruzado non están case en uso, e os demais, con existiren na fala, van deixando paso ó sistema pagán. Logo este sistema está moito menos vixente có pagán.

Calquera de ámbolos dous sistemas é válido. Sen embargo, como o de tradición pagá, o máis antigo, non se deixou de usar nunca e como é máis universal, debe se-lo empregado na nosa función administrativa para tódolos galegos.

### O DÍA:

Aínda que sexan menos utilizados na nosa laboura cotiá, convén sinala-los termos referentes á división diaria, véxase, turno de noite, de mañá, etc. O esquema que segue permítenos ver aproximadamente as partes do día, no correspondente mes de xullo.

### NOTAS:


Tódalas verbas que levan un asterisco son incorrectas na súa forma oral e/ou escrita.

(1) Os meses pódense representar co seu correspondente número romano ou coa abreviatura.

(2) A 2ª e 3ª feira teñen unha extensión que abarca máis ou menos o sur da provincia de Pontevedra, e o extremo S.-O. da de Ourense.

(3) O emprego de 4ª, 5ª e 6ª feira abrangue máis ou menos N.O. da Coruña, maior parte de Pontevedra e O. de Ourense.

Xosé Torres Romar



# cuestións de gramática

## VOCABULARIO.

### SEGREDO E SECRETARIO.

"Andrés ten un **segredo** que non revela a ninguén"  
"Roubaron documentos **secretos** da **Secretaría de Estado**".

"O **secretario** do Concello redactou a acta".

Obsérvese:

- Un **SEGREDO** (Sustantivo: voz popular que sufriu a evolución).
- Documento **SECRETO** (Adxectivo; non houbo evolución).
- **SECRETARIO/-A** (Tecnicismos; voces cultas formadas directamente sobre o étimo latino común).
- **SECRETARÍA**
- **SECRETARIADO**

Repárese que das palabras que mostramos no cadro, do étimo común latino (**SECRETU**) só se produciu evolución no sustantivo **segredo**, de uso moi antigo e popular, permanecendo inalteradas as outras palabras formadas moi recentemente para as necesidades concretas do noso mundo burocrático moderno; polo tanto, non tiveron tempo de evolucionar. De se producir esta evolución, en vez de **secretario** teríamos \***segredeiro** (nunca o \***segredario** que inventan algúns).

Deste xeito, escribamos correctamente:

"A **secretaría** garda **segredo** dos documentos **secretos** que lle confiaron".

### CRETO E CRÉDITO

"Confíei en Xoán e defraudoume; perdílle todo o **creto** que lle tiña".

"Pida un **crédito** no noso Banco".

- **CRETO**: reputación, boa sona dunha persoa.
- **CRÉDITO**: préstamo de diñeiro.

Ámbalas dúas palabras proceden da mesma latina (**CREDITU**), pero hoxe observan distinto resultado segundo as acepcións: a primeira (**creto**) é a palabra popular que sufriu as transformacións por levar máis tempo na boca da xente; a outra (**crédito**) foi creada modernamente para o campo concreto das finanzas e permanece case inalterable con respecto ó étimo latino.

"D. Anselmo volveu o **crédito** ó banco e volvéronlle o **creto**".

### PERANTE E DURANTE

"Fírmouse o documento **perante** notario".

"Ordenámo-la casa **durante** o fin de semana".

prep. **PERANTE** = ante, diante de.

Non se confunda esta preposición co adverbio **durante**, que tamén existe en galego.

"O acusado estivo **perante** o Tribunal **durante** dous días enteiros".

Xosé M. Lema Suárez

## O XERUNDIO DE POSTERIORIDADE

"Os interesados deberán presenta-la súa instancia nesta oficina, sendo admitidas soamente as que se entreguen no prazo sinalado".

Na oración que acabamos de presentar hai unha construción cun xerundio "sendo", que non por moi empregado habitualmente é correcta. E non o é porque o xerundio só se pode empregar cando a acción que expresa é simultánea ou inmediatamente anterior á expresada polo verbo da oración principal (neste caso a acción de "presentar").

No caso anterior deberemos dicir polo tanto:

— Os interesados deberán presenta-la súa instancia nesta oficina, e serán admitidas soamente as que se entreguen no prazo sinalado.

Si será correcta unha oración como:

— Estaban reunidos os secretarios falando de temas intrascendentes, porque aquí a acción de falar é simultánea á de "estar reunidos".

Tampouco será correcto nos seguintes casos:

— Presentou a solicitude, séndolle denegada. Deberemos dicir: Presentou a solicitude e foille denegada. (Porque a acción de "denegar" é posterior á de "presentar").

— A Lei entrará en vigor na data prevista, sendo de aplicación en tódolos supostos. Deberemos dicir: A Lei entrará en vigor na data prevista e será de aplicación en tódolos supostos.

— Celebrarase a reunión ás once, sendo tratados os seguintes asuntos. Deberemos dicir: A reunión celebrárase ás once e serán tratados os seguintes asuntos.

Atención pois a este tipo de construcións incorrectas das que están inzados os nosos textos xurídicos e administrativos.

Rosa Folgueira

## NOVAS

Na **Lei de medidas para reforma da Función Pública**, recentemente aprobada polas Cortes Xerais do Estado (vid. B.O.E. do 3 de agosto) figura unha disposición moi interesante, froito dunha emenda na súa tramitación, da que nos facemos eco. No Capítulo IV (Normas para obxectiva-la selección do persoal, a provisión de postos de traballo e a promoción profesional dos funcionarios), artigo 19 (Selección do persoal), apartado 1, párrafo terceiro, establece: "Nas convocatorias para acceso á Función Pública, as Administracións Públicas no respectivo ámbito das súas competencias deberán preve-la selección de funcionarios debidamente capacitados para cubri-los postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais".

Un traballador da CTNE de Vigo interpuxo demanda na Maxistratura de Traballo viguesa porque a empresa negábase a abonarlle unha cantidade por solicitalo en galego (cómpre salientar que non se trata dun caso illado; esta empresa denega sistematicamente pola vía da calada e a chatadura canta solicitude de anticipos,... lle presentan no idioma do país); pois ben, velaquí a sentenza recaída, merecente de moitos comentarios, pero merecente sobre todo e antes que nada de ser coñecida e espallada:

“CONSIDERANDO: que de ningún xeito se pode compartila posición sostida pola CTNE, pretendendo que a petición dun traballador galego se redacte en castelán ou vaia acompañada de copia en tal idioma, unha vez que a tese da referida empresa parte dunha defectuosa interpretación do art.º 3 da Constitución Española, pois aínda que tal precepto declare o castelán como “lingua española oficial do Estado”, de seguido xa no seu primeiro apartado establece a obriga de coñecer tal idioma, pero non o deber da súa utilización, que devén así mero dereito, ó tempo que no seu segundo apartado o mesmo precepto consagra a oficialidade das restantes linguas españolas nas súas

respectivas Comunidades Autónomas, de xeito que contrariamente ó mantido pola CTNE o artigo 3 da nosa máis alta norma favorece e fundamenta a reclamación do demandante.

CONSIDERANDO: que descendendo no plano normativo, é de indicar que o artigo 5 da Lei orgánica 1/81, de 6 de abril, aprobatoria do Estatuto de Autonomía para Galicia, establece que a lingua propia desta Comunidade é o galego e que todos teñen o dereito a o usar (o mesmo có castelán), ó tempo que contén o mandato de que os poderes públicos

potencien a súa utilización, prohibindo expresamente calquera discriminación por razón da lingua, discriminación tamén implicitamente incluída na enumeración prohibitiva “ad exemplum” contida no artigo 17.1 da Lei de Estatuto dos Traballadores, reflexo da máis fundamental establecida polo artigo 14 da C.E.

CONSIDERANDO: que entrando xa no terreo das concrecións, debe salientarse que o demandante é galego, en Galicia ten o seu centro de traballo e nesta terra presta con exclusividade os seus servicios, polo que aplicando a normativa

aludida no devandito considerando ó suposto enuiciado, resulta innegable o dereito do actor a solicitar no idioma galego o abono de determinados gastos, sen que sexa de recibo pretextar que tales comunicacións vaian dirixidas á sede central ou rexional da empresa situada fóra desta Comunidade Autónoma, pois á marxe de resultar claramente intelixible, mesmo para os descoñecedores do idioma galego, a frase utilizada

polo accionante na súa reclamación (“traballar na Guarda e desprazarse a Vigo por motivos sindicais relacionados coa empresa”) é o certo que a CTNE esquece que está en Galicia e que todo traballador galego ten o xa referido e xustificado dereito a utiliza-a súa lingua materna no ámbito desta Comunidade Autónoma, polo que se a empresa desexa que todo texto dirixido á central vaia redactado en castelán e se o operario quere expresarse exclusivamente en galego, debe se-la propia empresa a que procure a súa traducción, ben nas delegacións desta Comunidade Autónoma, ben na propia central, debendo así admiti-la realidade de que en Galicia existen persoas que lexitimamente se expresan con exclusividade en galego, tal como mesmo a propia política publicitaria da CTNE vén lembrarnos tódolos días nos medios de difusión, amosando así non soamente un claro sentido comercial senón moi especialmente o respecto -ausente no caso de autos- polo feito diferencial lingüístico de Galicia. Consideracións que conlevan a total estimación da demanda con aplicación dos arts. 4.2 f) e 29 da Lei de Estatuto dos Traballadores”.

Sara Thisdall